

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA 214.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA /CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2015

**Nº DE PROTOCOLO<sup>(\*)</sup>**

<sup>(\*)</sup> A encher polo SXEA

#### 1.- TÍTULO DA ACCIÓN

“Multiplicación e caracterización de 8 variedades de cabaza de Galicia”

#### 2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro de investigación: EEA do Baixo Miño - CIAM

Enderezo: Entenza s/n

C. Postal: 36471

Concello: Salceda de Caselas

Provincia: Pontevedra

#### 3.- XUSTIFICACIÓN

O Centro de Recursos Fitogenéticos (CRF), realizou diversas prospeccións en Galicia chegando a recoller uns 3700 cultivares, dos que a metade atópanse no banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Das 8 variedades de cabaza recollidas non existe copia en Galicia.

#### 4.- OBXECTIVOS

Caracterización e conservación de 8 variedades locais de cabaza recollidas en Galicia polo Centro de Recursos Fitoxenéticos (CRF) do INIA, co fin de gardar unha copia no banco de xermoplasma do CIAM.

Dado o aumento do consumo de cabaza nos últimos tempos sería interesante coñecer o valor comercial que podan ter estas variedades co fin de que as nosas cooperativas podan ofertar un produto de calidade ligado a terra e que poda acadar un alto valor engadido.

## 5.- METODOLOXÍA

Para asegurar un mínimo de variabilidades se plantarán parcelas de 24 plantas. Debido a que as cabazas non son autógamias será necesario o illamento das flores. Aproveitando que a polinización se realizará de forma manual se mesturará os polen de tódalas flores masculinas de cada variedade antes de cada polinización, para así acadar o máximo de variabilidade no “pool xenético”.

De cada unha das 24 planta se recolleran dous froitos dos que se lle extraerán as sementes.